UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Guía Docente					
Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Administración e Xestión de Organizacións			Código	614G01009
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática				
Descriptores					
Ciclo	Período	Curso		Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro		Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Empresa				
Coordinación	Miñones Crespo, Ramon		Correo electrónico	ramon.minones@udc.es	
Profesorado	Anido Martinez, Cristina Boedo Vilabella, Lucia Echevarría Canoura, Margarita Lado Sestayo, Rubén Longarela Ares, Ángeles María Miñones Crespo, Ramon Peón Pose, David Olegario		Correo electrónico	cristina.anido@udc.es lucia.boedo@udc.es margarita.echevarria@udc.es ruben.lado.sestayo@udc.es angeles.maria.longarela.ares@udc.es ramon.minones@udc.es david.peon@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Esta asignatura ten como obxectivo proporcionar aos alumnos un coñecemento adecuado sobre o concepto de empresa, a súa organización e xestión.				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A6	Coñecemento adecuado do concepto de empresa, marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas.
B3	Capacidade de análise e síntese
B6	Toma de decisións
B8	Capacidade de traballar nun equipo interdisciplinar
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprender a contorna Económica da Empresa.	A6	B3	C5
Coñecer o concepto e tipos de empresa.	A6	B3	C5
Coñecer e identificar os diferentes subsistemas dunha empresa e as súas respectivas problemáticas.	A6	B3 B6 B8	
Coñecer e aplicar coñecementos básicos de Contabilidade e xestión de custos.	A6	B3 B6 B8	
Coñecer e aplicar coñecementos básicos de xestión financeira.	A6	B3 B6 B8	C5

Contidos	
Temas	Subtemas

1 A empresa e o empresario na Sociedade Actual.	A organización e a súa contorna: Análise Económica. A empresa como organización: Tipos de Empresas. Os subsistemas da empresa. Concepto e funcións do empresario. O plan de empresa e o modelo de negocio.
2 O subsistema de Información Contable.	Concepto e funcións do sistema de información contable. Conceptos básicos de Contabilidade Financeira. O proceso xeral de contabilidade. A creación de valor.
3 Análise económica financeira da empresa.	Análise económica da empresa. Análise financeira da empresa.
4 Fundamentos de análises das operacións financeiras.	Concepto de capital financeiro. Leis financeiras clásicas. Rendas financeiras.
5 O subsistema Financeiro: A decisión de investimento.	Concepto de investimento. Tipos de investimento. Metodos de avaliación financeira dun investimento.
6 O subsistema Financeiro: A decisión de financiamento.	Custo das fontes financeiras. Fontes financeiras a curto prazo. Fontes financeiras a longo prazo.
7 O subsistema Produtivo. Os custos na empresa.	O sistema de produción da empresa: Concepto e funcións. Conceptos básicos de custos. Métodos de asignación de custos.
8 O subsistema Comercial.	O sistema comercial da empresa: Concepto e funcións. Decisións sobre produto, prezo, promoción e distribución.
9 O subsistema de Recursos Humanos.	Funcións do sistema de Recursos Humáns. Dirección de Recursos Humáns.
10 O Subsistema de Información Empresarial.	A información como activo empresarial. O sistema de información empresarial: Concepto e funcións. Os sistemas de información na estratexia empresarial.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 B3 B6 B8 C5	15	26.25	41.25
Prácticas a través de TIC	B3 B6 B8	20	30	50
Seminario	A6 B3 B6 B8 C5	10	15	25
Solución de problemas	A6 B3 B6 B8 C5	13	9.75	22.75
Proba mixta	A6 B3 B6 B8 C5	2	8	10
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Utilizarase para explicar o contido dos diferentes temas da materia por parte do profesorado.
Prácticas a través de TIC	Utilización das TICs para plantexar modelos e resolver exercicios da asignatura.
Seminario	Exposición de temas combinada coa aplicación práctica dos coñecementos expostos para a realización de traballos en grupo.

Solución de problemas	Aplicación práctica dos contidos da materia.
Proba mixta	Proba na que se evaluan os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos no curso polo alumno. Conterá preguntas abertas, problemas, e preguntas curtas ou de test.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas a través de TIC Seminario Solución de problemas Sesión maxistral	O profesorado realizará un seguimento das actividades realizadas polo alumnado na materia. Dependendo da metodoloxía utilizada en cada clase o alumno será guiado, supervisado ou atendido polos docentes encargados. O alumno dispón das tutorías dos profesores da materia nas horas establecidas, nas que poderá expor aquelas dúbidas que lle xurdan sobre o contido da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Proba mixta	A6 B3 B6 B8 C5	Fundaméntase como o exame final da materia e contemplará todo o seu contido.	75
Prácticas a través de TIC	B3 B6 B8	A cualificación establecerase en función dos resultados obtidos nos exercicios prácticos expostos.	10
Seminario	A6 B3 B6 B8 C5	A cualificación establecerase en función dos resultados das probas prácticas establecidas nos seminarios.	10
Solución de problemas	A6 B3 B6 B8 C5	A cualificación establecerase en función dos resultados das probas prácticas establecidas.	5

Observacións avaliación
A cualificación final obtida calcularase en función da avaliación continua realizada durante o curso, que valerá un 25% da nota e determinarase mediante as probas establecidas ao longo das diferentes clases, e a Proba mixta correspondente á 1ª ou a 2ª oportunidade da convocatoria, que valerá un 75% da nota. Os estudantes en réxime de estudo a tempo parcial, en función da súa problemática particular e das posibilidades do profesorado, terán as mesmas oportunidades que o resto dos alumnos para realizar a avaliación continua da materia. A cualificación final da oportunidade adiantada realizarase mediante unha proba mixta específica, que comprenda todos os contidos e competencias da asignatura.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Suárez Suárez, A. (2001). Curso de Economía de la Empresa. Editorial Pirámide - Bueno Campos, Eduardo (2004). Curso básico de Economía de la Empresa. Editorial Pirámide - Amat Salas, Oriol (2008). Contabilidad y finanzas para no financieros. Ediciones Deusto - Boedo Vilabella, Lucía (2009). Las fuentes de financiación y su coste: aspectos conceptuales y operativa financiera. Editorial Netbiblo - Boedo Vilabella, Lucía (2010). Evaluación de un proyecto de inversión en entornos de certeza, riesgo e incertidumbre . Reprografía Noroeste No desenvolvemento dos diferentes temas utilizaranse materiais realizados polos profesores da materia e recursos en liña, como os ofrecidos na web do IGAPE (http://www.igape.es/gl/crear-unha-empresa). Estes materiais e recursos serán incluídos no Moodle oficial da materia.

Bibliografía complementaria	- Suárez Suárez, A (2005). Decisiones óptimas de inversión y financiación empresarial. Editorial Pirámide - Remirez Prados, José Antonio (2010). Como entender los datos de la prensa económica. Editorial ESIC - Omeñaca García, Jesús (2008). Contabilidad General. Ediciones Deusto - Laudon, K. (2008). Essentials of Management Information Systems. Prentice-Hall International - Aguado, J.; Lacalle, M; Cepeda, I (2005). Lecciones básicas de economía. International Thomson Publishing - Blackstaff, Michael (2001). Business and Finance for It People. Springer-Verlag

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Na mención de Sistemas de Información, dentro do Bloque de Tecnoloxía Específica, inclúense tres materias da Materia Empresa: Xestión de Procesos de Negocio, Sistemas de Información Empresarial e Sectores de Negocio.Na mención de Enxeñaría do Software, dentro das materias optativas, inclúense tres materias da Materia Empresa: Xestión de Procesos de Negocio, Sistemas de Información Empresarial e Sectores de Negocio.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías